

Boletín Oficial

DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

EDITA: EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL
ADMINISTRACIÓN: Sección de Gestión de Recursos
Avda. de Montero Ríos, s/n - Teléfono 986 80 41 00

<http://bop.depontevedra.es>

FRANQUEO CONCERTADO 35/1

TALLERES: Imprenta de la Diputación Provincial
Paseo Domingo Fontán, s/n
Teléfono 986 87 34 00

Depósito Legal: PO-1-1958

MARTES 8 ABRIL

AÑO 2003

Núm. 68

SUMARIO

ADMINISTRACIÓN DEL ESTADO

MINISTERIO DEL INTERIOR	<i>Pág.</i>
Jefatura Provincial de Tráfico de Pontevedra	2
MINISTERIO DE TRABAJO Y ASUNTOS SOCIALES	
Tesorería General de la Seguridad Social.....	9

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS	
<i>Revisións salariais</i>	
Carpintería de ribera.....	23
Carpintería, Ebanistería e actividades afíns...	25
Cespa Ingeniería Urbana, S.A.	26
Club de Campo de Vigo.....	28
Comercio materiales de construcción e saneamento	29
Construcción.....	30

ADMINISTRACIÓN LOCAL

Provincial	<i>Pág.</i>
Diputación Provincial	31
Municipal	
Vigo	32
Pazos de Borbén.....	49
Lalín	55
Cuntis	65
Vilanova de Arousa.....	68
Tui	74

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

Juzgados de Primera Instancia e Instrucción	
De Porriño	76
De Vilagarcía de Arousa	76
Juzgado de Familia	
De Pontevedra	77
De Vigo.....	77

se transcribe ó final deste acordo, no que se incorporan as correccións derivadas dos informes do Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia e Deputación provincial de Pontevedra e se actualizan e adecúan as referencias á lexislación urbanística de Galicia.

Terceiro.—De conformidade co disposto nos artigos 70.2 da L.7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL) e 196.2 do ROF (RD. 2568/86), publicar este acordo e o texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincial; Ordenanza que entrará en vigor ós quince días da súa publicación completa (art. 65.2 LRBRL).

Cuarto.—De acordo co disposto nos artigos 1, 10.1.b), 25.1 e 46.1 da L.29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa (LRXCA), 107.3, 109 e concordantes da L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC), 52 da LRBRL e 209 e ss. do ROF, o acordo de aprobación definitiva da Ordenanza pon fin á vía administrativa e contra esta disposición xeral non caberá recurso nesta vía, puidéndose interpoñer directamente, por quen se considere lexitimado/a, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do mesmo nome do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da publicación íntegra da disposición recorrida; sen prexuízo da súa impugnación indirecta, conforme cos artigos 26 e 27 da LRX-PAC, e da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.

A Ordenanza de referencia ten o seguinte teor literal:

**“ORDENANZA URBANÍSTICA REGULADORA
DA PUBLICIDADE EXTERIOR NO TERMO
MUNICIPAL DE VIGO**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. ANTECEDENTES

O Concello de Vigo aprobou en 1987 a "Ordenanza reguladora de publicidade exterior, mediante carteleiras", seguindo un modelo semellante ó existente naquel momento noutras cidades de Galicia e do Estado.

Tendo en conta a proliferación dos soportes publicitarios e a ausencia dunha información exhaustiva sobre o seu número, localización e situación legal, no ano 2001 a concellería de infraestructuras e medio ambiente encarga a realización dun inventario dos valores publicitarios, paneis de obras, indicadores e sinalizacións en xeral existentes no noso termo municipal.

Dese estudio-inventario, desenvolvido entre os meses de xuño e agosto de 2001, resulta a existencia dun número total aproximado de 1780 elementos publicitarios, que abrangue os valores publicita-

rios [925], os paneis de obras [128] e os indicadores e sinalizacións [727].

Saliéntase o elevado número de soportes publicitarios existentes na Avda. de Madrid, Avda. de Europa, Estrada de Camposancos, Avda. do Aeroporto, Circunvalación, Travesía de Vigo, Avda. da Florida, Praza de Isabel A Católica e en rúas como Gran Vía, Areal, Porriño ou Tomás Paredes.

Baste dicir, en relación coa proliferación de instalacións publicitarias apuntada que, segundo os datos que constan na Xerencia municipal de Urbanismo, o número total de carteleiras publicitarias autorizadas ata o mes de marzo de 2001 ascendía unicamente a 430, fronte ás 925 realmente identificadas.

Á marxe do anterior, comprobouse tamén a existencia dunha serie de irregularidades que cómpre correxir de inmediato, como o mal estado de conservación de moitas das instalacións publicitarias, o carácter "anónimo" dalgunhas delas, a subsistencia de carteis de obras rematadas desde hai anos, a localización de toda clase de soportes publicitarios en solos de titularidade pública, en elementos do mobiliario urbano ou mesmo en lugares nos que pode quedar comprometida a seguridade tanto do tráfico rodado como a dos peóns.

Co inventario realizado pretendíase, ademais de subsanar aquel déficit de información municipal, posibilitar a elaboración dunha nova ordenanza municipal que regulamentase a totalidade dos elementos de publicidade exterior e non só os relativos ós valores publicitarios; obxecto único da Ordenanza de 1987.

**2. XUSTIFICACIÓN, OBXECTO E FINALIDADE
DA ORDENANZA**

A presente Ordenanza xustifícase, pois, na necesidade de poñer remedio eficaz ás anómalas situacións denunciadas nos sete tomos de fichas e anexos que integran o estudio-inventario, dotando a esta Administración dun instrumento útil para lograr as finalidades pretendidas e capaz de superar as insuficiencias da actual regulamentación municipal, tanto no plano estritamente normativo como no da súa aplicación práctica.

Así, a nova Ordenanza terá por obxecto a regulación detallada das condicións esixibles ás instalacións publicitarias perceptibles desde a vía pública no noso termo municipal, do réxime xurídico aplicable ós actos de publicidade e o réxime sancionador das infraccións ós seus preceptos.

Establécense como principais finalidades da norma a adecuación desas instalacións ós diferentes usos do solo, a minimización do seu impacto na paisaxe urbana e natural, o mantemento das condicións de seguridade e ornato esixibles, o respecto ós bens que integran o noso patrimonio cultural, a correcta utilización dos bens municipais e a visibilidade e seguridade do tráfico rodado e a dos vian-
dantes.

3. CONTIDO, ÁMBITO MATERIAL DE APLICACIÓN E ALCANCE

Formalmente, a parte dispositiva da Ordenanza divídese en 49 artigos, agrupados en 9 Títulos, cos seus correspondentes Capítulos [Título IX], conforme co seguinte esquema: Título I «Disposicións xerais», Título II «Características dos soportes e emplacements», Título III «Cualificación tipolóxica do solo», Título IV «Publicidade sobre soportes situados en solo de titularidade pública», Título V «Publicidade en edificios», Título VI «Publicidade en obras», Título VII «Publicidade en soares ou terreos urbanos sen uso», Título VIII «Publicidade en terreos sen uso colindantes con vías de circulación rápida» e Título IX «Réxime xurídico dos actos de publicidade».

A súa parte final divídese en 3 disposicións adicionais, 2 disposicións transitorias, 1 derogatoria e 2 disposicións finais.

A Ordenanza complétase con 3 Anexos, un coa delimitación do núcleo central da cidade [Zona 3], outro coa relación das vías de circulación nas que a velocidade máxima autorizada é superior ós 50 KM/h [Zona 4] e un terceiro no que se establecen condicións especiais para a publicidade que se pretenda instalar en terreos sen uso colindantes con vías de circulación rápida.

Saliéntase do seu contido a división ou cualificación tipolóxica do solo do termo municipal, para os efectos de aplicación da Ordenanza, en 5 zonas, nas que se aplicará unha regulación diferenciada e axustada ós usos do solo establecidos en cada caso.

Tamén merecen especial consideración aspectos tales como a determinación das características dos soportes e dos emplacements, a relación das actividades e instalacións non autorizables con carácter xeral, o establecemento dun réxime máis acabado de intervención e protección da legalidade urbanística ou a creación dun Rexistro de empresas de publicidade e dunha «Comisión Técnica Asesora de Publicidade», como órgano ó que se lle atribúe o coñecemento de todas as cuestións e incidencias da competencia municipal relacionadas coas materias que son obxecto de regulación na Ordenanza.

Coas finalidades indicadas anteriormente, a Ordenanza será de aplicación a toda actividade publicitaria que utilice como vehículo transmisor da mensaxe medios materiais de diversa índole, susceptibles de atraer a atención de cantas persoas se atopan en espazos abertos, transiten pola vía pública, circulen por vías de comunicación, utilicen medios privados ou colectivos de transporte e, en xeral, permanezan ou discorran en lugares ou ámbitos de utilización común.

Non obstante o anterior, regularanse pola súa normativa propia a publicidade electoral, a publicidade aérea ou a utilización de medios publicitarios sonoros.

Queda fóra do ámbito de aplicación da Ordenanza a publicidade que pretenda utilizar soportes situados ou que voen sobre solo de titularidade municipal e as instalacións publicitarias sobre elementos do mobiliario urbano.

No tocante ó alcance da Ordenanza, os soportes publicitarios instalados que contén con licencia no momento da súa entrada en vigor poderán manterse ata a fin da vixencia daquela, sen que sexa posible a concesión de renovacións ou prórrogas ó abeiro da normativa anterior. Transcorrido ese período, aplicarase na súa integridade o réxime disciplinario que a Ordenanza establece.

Por último, desde a propia Ordenanza dase cobertura específica á posibilidade de que o Concello subscriba convenios de colaboración con entidades e institucións públicas ou privadas nos que se fixen as características e condicións dos soportes publicitarios permisibles durante a execución de obras de limpeza, mantemento ou rehabilitación de inmobles. Preténdese con esta medida propiciar a rehabilitación do patrimonio edificado, mellorar as condicións de ornato durante a execución das obras e contribuír á divulgación de determinadas expresións artísticas e culturais nos espazos urbanos da cidade.

4. CARÁCTER

Trátase dunha Ordenanza de carácter eminentemente urbanístico, en tanto que disciplina os diferentes actos ou manifestacións da actividade publicitaria como actos de uso do solo ou do voo. Non obstante, esta consideración debe entenderse en sentido amplo, comprensivo doutros valores que o ordenamento urbanístico tamén debe protexer, como a seguridade viaria, a estética urbana ou a protección medioambiental.

5. COMPETENCIAS MUNICIPAIS

Díctase esta Ordenanza de acordo coa potestade recoñecida ás Corporacións Locais de intervenir na actividade dos cidadáns a través de Ordenanzas e do sometemento a previa licencia [art. 84.1 a e b LRRL] e coa habilitación legal con que conta o Excmo. Concello de Vigo para exercer competencias en materias tales como a disciplina urbanística, o patrimonio histórico-artístico, a protección do medio ambiente ou a ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas [arts. 25.2. d), e), f) e b) LRRL e 80.2.b), d) e e) LALGA].

Ó abeiro do disposto no apartado 3.8.1 das normas urbanísticas do vixente PXOU-93 de Vigo, en relación cos artigos 194.2 da L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia [LOUPMRG] e 10 do D.28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aprobou o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da LSG (L.1/1997) [RDU], estarán sometidos a licenza municipal todos os actos de instalación de elementos de publicidade exterior ós que se refire esta Ordenanza, nas condicións sinaladas no seu Título IX.

TÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1. OBXECTO E ÁMBITO XERAL DE APLICACIÓN

1.1. A presente Ordenanza ten por obxecto regulamentar as condicións ás que haberán de someterse as instalacións publicitarias perceptibles desde a vía pública no termo municipal de Vigo.

1.2. En consecuencia, quedará sometida ás normas desta Ordenanza toda actividade publicitaria que utilice como vehículo transmisor da mensaxe medios materiais de diversa índole, susceptibles de atraer a atención de cantas persoas se atopen en espazos abertos, transiten pola vía pública, circulen por vías de comunicación, utilicen medios privados ou colectivos de transporte e, en xeral, permanezan ou discorran en lugares ou ámbitos de utilización común.

ARTIGO 2. LÍMITES E PROHIBICIÓN XERAIS

2.1. A actividade publicitaria evitará a incidencia negativa sobre o contorno, os seus elementos naturais ou naturalizados, con especial atención a aquelas áreas máis sensibles conforme coas determinacións da normativa xeral ou dos instrumentos de planeamento aplicables.

2.2. Conforme co previsto na actual "Ordenanza municipal de limpeza pública e tratamento de residuos sólidos urbanos", prohibese a publicidade incontrolada a base de carteis, octavillas, pegatinas, etiquetas, etc., fixada sobre paramentos de edificios, árbores, monumentos, obras e vías públicas ou elementos de mobiliario urbano, resultando de aplicación o réxime sancionador establecido na Ordenanza.

2.3. Tamén serán de aplicación as limitacións e condicións xerais establecidas nas lexislacións especiais.

2.4. Con carácter xeral non se autorizarán as actividades publicitarias que polo seu obxecto, forma ou contido sexan contrarias ás leis e, en todo caso, as definidas como ilícitas na L.34/1988, do 11 de novembro, Xeral de Publicidade, respecto das que se poderá actuar na forma prevista nos seus artigos 25 e seguintes.

ARTIGO 3. CONVENIOS DE COLABORACIÓN

Coa finalidade de fomentar a rehabilitación e divulgación do patrimonio histórico-artístico e cultural na cidade, o Concello poderá subscribir convenios de colaboración con entidades e institucións públicas e privadas, nos que se fixarán as características das instalacións publicitarias permitidas durante a execución das obras de limpeza, mantemento ou rehabilitación dos inmobles [por exemplo, lonas de protección decoradas] e as demais condicións aplicables. En todo caso, esixirase o cumprimento do disposto no artigo 38.1.1] desta Ordenanza.

ARTIGO 4. RÉXIME TRIBUTARIO

Para os efectos tributarios, a publicidade e os seus soportes gravaranse dacordo co disposto nas correspondentes Ordenanzas fiscais que aprrobe o Concello.

ARTIGO 5. SUPOSTOS ESPECIAIS

5.1. Publicidade sonora.

No tocante á utilización de medios publicitarios sonoros, aínda que se considera comprendida dentro do ámbito xeral desta Ordenanza, estarase ó disposto na vixente "Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións" ou norma que no futuro a substitúa.

5.2. Reparto de publicidade impresa.

Permitirase o reparto individualizado de propaganda ou información escrita, mostras e obxectos na vía pública nas seguintes condicións:

a).—Que o reparto se realice a unha distancia inferior a 100 metros da actividade ou local que se anuncia.

b).—Que o titular do permiso garanta, con aval ou fianza, a limpeza das beirarrúas e beiravías do contorno no que se leve a cabo o reparto.

5.3. Publicidade electoral.

5.3.1. A publicidade electoral axustarase, con carácter xeral, ó disposto na L.5/1985, do 19 de xuño, do Réxime electoral xeral, ou norma que a substitúa. No termo municipal de Vigo será tamén de aplicación o disposto na "Ordenanza municipal de limpeza pública e tratamento de residuos sólidos urbanos" sobre a realización de actos de propaganda e publicidade impresa en periodos electorais.

5.3.2. Fóra dos lugares especialmente sinalados polo Concello para a colocación gratuíta de carteis, adhesivos ou calquera outro tipo de elementos publicitarios semellantes, os partidos, asociacións, coalicións, federacións ou candidaturas unicamente poderán colocalos nos espazos comerciais autorizados.

5.3.3. O uso de megafonía nas campañas electorais rexerese polo disposto na "Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións".

5.4. Publicidade aérea.

5.4.1. A publicidade aérea, entendendo por tal as mensaxes publicitarias que se sitúen ou difundan desde aparellos ou artefactos autosustentados no aire, ben sexan fixos [como os globos aerostáticos] ou móbiles [como os globos dirixibles e os avións], rexerese pola súa normativa específica, constituída polo Decreto de 13.08.1948 e a Orde do 20.12.1966, ou disposicións que no futuro se dicten en substitución destas. En consecuencia, ademais da preceptiva licenza municipal precisarán da autorización da Administración competente na materia.

5.4.2. A publicidade realizada mediante globos estáticos ou cautivos só se permitirá cando estes se sitúen de forma integrada no interior da parcela, de xeito que o globo, xunto cos seus elementos de substentación e ancoraxe, non sobrepare o perímetro daquela.

5.4.3. En ningún caso permitirásese o lanzamento desde eses soportes e sobre a cidade de publicidade impresa ou de mostras.

5.5. Publicidade en festas populares.

5.5.1. O Concello poderá adoptar as disposicións especiais que considere oportunas para regular a publicidade durante as festas populares, de tal xeito que se causen os menores inconvenientes á cidadanía.

5.5.2. En todo caso, a entidade interesada, sendo esta en principio a mesma que colocou a publicidade, deberá retirar os elementos publicitarios unha vez rematado o período festivo. Para o caso de que así non o fixese no prazo de 8 días e previo requirimento, serán retirados polos servizos municipais por conta do titular da publicidade.

5.6. Publicidade extraordinaria.

5.6.1. Con carácter excepcional e previo dictame da «Comisión Técnica Asesora de Publicidade», o Concello poderá autorizar transitoriamente a instalación ou o desenvolvemento de determinadas actividades publicitarias directamente relacionadas coa celebración de acontecementos de especial significación cidadá, como campañas institucionais de carácter temporal, certames culturais ou deportivos, feiras e congresos, etc., aínda que non sexan tratadas ou expresamente autorizadas por esta Ordenanza.

5.6.2. En todo caso, deberase garantir o cumprimento das finalidades principais da Ordenanza; en especial as relativas ás condicións de seguridade esixibles e á correcta utilización dos bens municipais.

TÍTULO II CARACTERÍSTICAS DOS SOPORTES E EMPRAZAMENTOS

ARTIGO 6. CARACTERÍSTICAS

6.1 Os deseños e construcións dos soportes publicitarios, os seus elementos e estruturas de substentación, así como o seu conxunto, deberán reunir as suficientes condicións de calidade e seguridade, mesmo en condicións atmosféricas adversas.

6.2. Os materiais utilizados deberán garantir a boa conservación dos soportes publicitarios durante todo o período de vixencia da licenza.

6.3. Os soportes que se destinen a recibir papel pagado deberán contar cun marco perimetral que impida o deslizamento dos adhesivos utilizados. A profundidade total do soporte, incluído dito marco, non sobreparará os 0,30 metros.

6.4. Procurarase favorecer a substitución dos actuais sistemas estruturais de configuración para o soporte dos valos publicitarios por outras solucións de deseño máis acaído que permitan unha menor ocupación do espazo e un mellor acabado do conxunto con soportes estruturais de pouca sección e a posibilidade de carenado posterior do conxunto ó non dispoñerse elementos oblicuos de reforzo estrutural.

ARTIGO 7. SUPERFICIES

7.1. A superficie publicitaria autorizable en cada emprazamento virá definida en función do tipo de soporte, lugar de ubicación e tipoloxía zonal. Esta superficie poderá ser explotada libremente polo titular da licenza. Se este decidise non explotar a totalidade da superficie autorizada, estará obrigado a colocar, nas zonas non ocupadas por instalacións publicitarias e ata completar os límites do autorizado, elementos de carácter decorativo que respecten a estética do emprazamento.

7.2. Para os efectos do posterior control sobre as correspondentes licencias, a superficie publicitaria expresarase en múltiplos do módulo básico de 4 x 3 metros.

7.3. A non ser no caso de tratamentos integrais de paredes medianeiras, non se permitirá a fixación de carteis ou a execución de inscricións ou debuxos directamente sobre edificios, muros ou outros elementos semellantes, sendo necesaria en todo caso a utilización de soportes externos.

7.4. A efectos de medición de alturas, ésta realizarase desde a rasante da beirarrúa ou terreo. No caso de vías con pendente, medirase desde o punto medio do soporte publicitario.

ARTIGO 8. PROHIBICIÓNS

8.1. Non se permitirán as instalacións publicitarias que pretendan situarse en edificios declarados «Bens de Interese Cultural», nos catalogados singularmente conforme coa normativa reguladora do patrimonio cultural e nos catalogados no planeamento urbanístico municipal con niveis de protección incompatibles coa localización neles deste tipo de instalacións, ou no contorno dos mesmos cando menoscaben a súa contemplación.

8.2. Non se tolerarán as que produzan graves distorsións da paisaxe urbana ou natural, quedando expresamente prohibida, de acordo co artigo 104.d] da LOUPMRG, a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as prescricións legais relativas á adaptación ó ambiente. As lonas ou calquera outro elemento ou material fixo que deban colocarse con motivo de operacións de limpeza ou arranxo de fachadas, axustaranse ás condicións establecidas no artigo 22 desta Ordenanza.

8.3. Igualmente denegaránse as solicitudes de licenza relativas á instalación de soportes publicitarios que pola súa forma, cór, deseño ou inscricións poidan ser confundidos cos sinais regulamentarios de tráfico, impidan a visibilidade ou produzan deslumbramento ós condutores de vehículos e ós peóns ou en lugares onde poidan prexudicar ou obstaculizar o tráfico rodado ou a seguridade dos viandantes. Igualmente, cando impidan a visibilidade dalgún soporte previamente autorizado.

8.4. Cando as instalacións produzan limitacións das luces ou vistas das fincas urbanas do inmovible ou colidantes nunha distancia de 20 metros ou molestias ós seus ocupantes, será requisito indispensable acreditar, mediante documento fidedigno, a expresa aceptación polos afectados de tales limitacións ou molestias.

8.5. Tampouco non serán autorizables:

8.5.1. A instalación de soportes publicitarios en lugares non permitidos conforme co planeamento ou coa normativa sectorial de aplicación: estradas, costas, medio ambiente, patrimonio cultural, etc.

8.5.1.1. En particular, fóra dos tramos urbanos das estradas estatais está prohibido realizar publicidade en calquera lugar visible desde a zona de dominio público da estrada, sen que esta prohibición dea en ningún caso dereito a indemnización. A prohibición afectará a todos os elementos da instalación publicitaria, comprendendo a fixación de carteis, colocación de soportes e calquera outra manifestación da citada actividade publicitaria, agás as exceptuadas na Lei de Estradas e no seu Regulamento [arts. 24 L.25/1988, do 29 de xullo, de Estradas e 88 do Regulamento Xeral de Estradas, RD.1812/1994, do 2 de setembro].

8.5.1.2. En relación coas vías de titularidade da Xunta de Galicia e da Excma. Deputación provincial de Pontevedra, está prohibida toda publicidade que sexa visible desde as zonas de dominio público das estradas, a non ser nos tramos urbanos, onde a publicidade estará sometida ás ordenanzas municipais, debendo situarse fóra das zonas de dominio público e non afectar nin interferir as sinalizacións, iluminación ou balizamento das estradas, sen que esta prohibición poida dar, en ningún caso, dereito a indemnización [arts. 34.1 da L.4/1994, do 14 de setembro, de Estradas de Galicia e 9 da Ordenanza Reguladora do Uso e Defensa das Estradas Provinciais].

8.5.2. A instalación de soportes publicitarios nas proteccións e paramentos fixos das infraestructuras urbanas [por exemplo, estribos de pontes, muros de contención, etc.].

8.5.3. Os elementos e instalacións publicitarias constituídas por materiais combustibles situadas a menos de 50 metros de zonas forestais ou con abundante vexetación.

8.5.4. As instalacións publicitarias que poidan afectar á accesibilidade interior ou á seguridade dos inmobles.

8.5.5. As instalacións publicitarias que pretendan situarse en zonas que, atendendo ó número e características daquelas, se califiquen como «saturadas de publicidade exterior», mediante acordo municipal e por proposta motivada da «Comisión Técnica Asesora de Publicidade do Excmo. Concello de Vigo».

Artigo 9. Soportes publicitarios autorizables e non autorizables

9.1. Nos Títulos IV a VIII desta Ordenanza indícanse as condicións para que un soporte publicitario sexa autorizable en función do seu tipo, características e emprazamento.

9.2. En principio, calquera outro posible caso fóra dos indicados considerárase non autorizable.

9.3. Non obstante, por proposta da «Comisión Técnica Asesora de Publicidade», o Concello poderá autorizar soportes publicitarios non expresamente previstos na Ordenanza como poden ser os vencellados co emprego de novas tecnoloxías, obxectos singulares ou formas corpóreas sobre carteleiras sempre que, de acordo coa documentación achegada polos interesados, se garanta a calidade formal da solución proposta e o cumprimento tanto do réxime de prohibicións como das finalidades principais da Ordenanza.

TÍTULO III

CUALIFICACIÓN TIPOLÓXICA DO SOLO

ARTIGO 10. ZONIFICACION

A efectos desta Ordenanza, establécese a seguinte cualificación tipolóxica do solo do termo municipal de Vigo:

- ZONA 1.—Comprende o solo clasificado como rústico de especial protección ou denominación equivalente, as vías públicas, os sistemas xerais e os espazos libres e zonas verdes de titularidade pública, así como o solo ordenado polo Plan Especial de Rexeneración do Corredor Natural do río Lagares ou por outros instrumentos de protección de natureza semellante. Nesta zona non se permite a actividade publicitaria.
- ZONA 2.—Comprende os ámbitos do PEPRI Casco Vello e PEPRI de Bouzas.
- ZONA 3.—Comprende o ámbito considerado como núcleo central da cidade, do que se exclúen os ámbitos dos PEPRI Casco Vello e Bouzas, de acordo coa delimitación que se contén no plano anexo [Anexo I].
- ZONA 4.—Vías de circulación rápida [relacionadas no Anexo II], nas que a velocidade máxima de circulación autorizada, segundo

debe estar indicado na sinalización específica correspondente, sexa superior á xenérica das vías urbanas, que é de 50 km/h.

— ZONA 5.—Resto do solo do termo municipal.

TÍTULO IV

PUBLICIDADE SOBRE SOPORTES SITUADOS EN SOLO DE TITULARIDADE PÚBLICA

ARTIGO 11. RÉXIME XERAL

11.1. Toda publicidade que pretenda utilizar soportes situados ou que voen sobre solo de titularidade municipal, será obxecto de concurso convocado polo Concello e rexeráse polos pregos de condicións e características da adxudicación.

11.2. Non estarán comprendidos no parágrafo anterior os soportes situados sobre cerramentos de obras previstos no artigo 21, dado o carácter provisional destas instalacións; razón pola que poderán ser obxecto de licenza directa.

11.3. As instalacións publicitarias sobre soportes de mobiliario urbano suxeitaranse ó disposto na súa regulamentación específica.

11.4. Queda prohibida con carácter xeral a utilización dos báculos de alumeado público como soportes publicitarios, calquera que sexa o carácter da publicidade que se pretendese intalar neles [política, institucional, cultural, etc.].

ARTIGO 12. VEHICULOS E REMOLQUES PUBLICITARIOS

Non está permitida dentro do termo municipal a utilización con fins publicitarios de vehículos ou remolques, a non ser que estean especialmente deseñados para dita actividade e sempre e cando esta non se realice mediante estacionamento ou aparcamento do vehículo ou remolque.

ARTIGO 13. BANDERINS

Os denominados «banderíns» situados nas fachadas de edificios, aínda que voan sobre solo de titularidade municipal, rexeráse, ós efectos desta Ordenanza, polas normas do planeamento urbanístico municipal aplicables en cada caso.

ARTIGO 14. PUBLICIDADE DIRECCIONAL

14.1. Os carteis indicativos ou de sinalización direccional con mención de marcas, distintivos, logotipos ou nomes de establecementos non son autorizables en solo de titularidade pública, como tampouco a utilización de sinais de circulación ou rótulos viarios para incluír tal tipo de mensaxes.

14.2. Non terán esa consideración os indicadores informativos direccionais que teñan unicamente por finalidade sinalar a localización de servizos públicos da Administración ou os accesos a eles, ou das instalacións, equipamentos e servizos de interese xeral da cidade.

TÍTULO V

PUBLICIDADE EN EDIFICIOS

ARTIGO 15. SUPOSTOS

A efectos desta Ordenanza, consideraranse os seguintes supostos de utilización de edificios como elementos de fixación do soporte publicitario:

- a) Mostras e banderíns
- b) Publicidade en coroación de edificios
- c) Publicidade en paredes medianeiras
- d) Superficies publicitarias non rixidas sobre fachadas
- e) Rótulos informativos

ARTIGO 16. MOSTRAS E BANDERÍNS

As denominadas «mostras e banderíns», con mensaxes fixas ou variables co tempo, situadas nas fachadas de edificios, rexeráse, a efectos desta Ordenanza, polas normas do planeamento urbanístico municipal aplicable en cada caso.

ARTIGO 17. PUBLICIDADE EN COROACIÓN DE EDIFICIOS

17.1. As superficies publicitarias luminosas en coroación de edificios deberán ser construídas de forma tal que tanto de día como de noite se respecte a estética da finca sobre a que se sitúen e a do contorno, así como a perspectiva desde a vía pública, coidando especialmente o seu aspecto cando non están iluminadas.

17.2. Soamente poderán instalarse sobre a coroación da última planta do edificio [cornixa de fachada, cumieira ou terraza] e sempre que ningunha zona da mesma se adique ó uso de vivenda. A súa iluminación será por medios eléctricos integrados e non por proxección luminosa sobre unha superficie.

17.3. Estes soportes publicitarios non deberán producir deslumbramento, fadiga ou molestias visuais nin inducir a confusión con sinais luminosas de tráfico, debendo cumprir así mesmo coa normativa sobre balizamiento para a navegación aérea.

17.4. En ningún caso alterarán as condicións constructivas ou de evacuación en edificios que teñan prevista unha vía de escape de emerxencia a través da terraza.

17.5. Son autorizables os anuncios luminosos con mensaxe ou efectos visuais variables obtidos por procedementos exclusivamente eléctricos ou electrónicos, non así os dotados de movemento por procedementos mecánicos.

17.6. A superficie opaca do anuncio non poderá sobrepasar o 25 por 100 do total da superficie publicitaria e non existirán zonas do mesmo a menos de 15 metros de ocios de ventás de edificios habitados [distancia real, non en proxección]. Para estes efectos, non se considerarán os ocios de ventá do propio edificio situados no plano vertical do anuncio.

17.7. O Concello poderá fixar na licenza limitacións de horario de encendido ou suprimir os efectos luminosos cando existan reclamacións xustificadas de veciños residentes en vivendas próximas.

17.8. Na zona 2, así como en edificios exclusivos de carácter oficial, sanitario, relixioso ou docente, non se autorizan estes soportes publicitarios. Non terán esta consideración os meramente identificativos de tales edificios.

17.9. Nas zonas 3 e 5, o largo mínimo da rúa á que dea fronte o edificio sobre o que se pretende situar a publicidade será de 12 metros, a altura do soporte non sobrepasará 1/10 da do edificio e en ningún caso superará os 4 metros.

17.10. Na zona 4, a distancia mínima do edificio onde se instale o soporte á vía de circulación será a representada pola liña límite de edificación aplicable e a altura do elemento publicitario non sobrepasará 1/10 da do edificio.

ARTIGO 18. PUBLICIDADE EN PAREDES MEDIANEIRAS

18.1. A efectos desta Ordenanza clasifícanse as paredes medianeiras nas que teñen carácter provisional [entendendo por tales as orixinadas como consecuencia de derrubas de edificios ou pola existencia de construcións que non acadan a altura fixada polo Plan] e as que deben ser obxecto dun tratamento de fachada.

18.2. Nas primeiras, dentro da zona 5, admítase a colocación de soportes publicitarios capaces de admitir papel pegado ata unha altura de 5 metros sobre a rasante da vía pública e de superficie máxima 1/2 da total do paramento. Nas zonas 2, 3 e 4 non se autorizan estes soportes en medianerías.

18.3. En medianerías obxecto de tratamento de fachada, así como nas situadas na zona 3, requirírase un estudo de adecuación de toda a superficie de medianería. A superficie publicitaria proxectada [mediante carteis, inscricións ou debuxos, etc.] integrarase no tratamento global de todo o paramento de forma que se melloren as condicións estéticas e medioambientais do conxunto.

18.4. Na zona 4, o edificio onde se realice este soporte publicitario deberá estar fora da liña límite de edificación fixada.

18.5. As paredes medianeiras formadas como consecuencia de diferenzas de alturas na edificación por razóns de planeamentos urbanísticos das zonas 3, 4 e 5 levarán a mesma consideración que as obxecto de tratamento de fachada.

18.6. En ningún caso o plano exterior do soporte publicitario ou dalgún dos seus compoñentes poderá exceder de 0,30 metros sobre o plano da medianería.

ARTIGO 19. SUPERFICIES PUBLICITARIAS NON RIXIDAS SOBRE FACHADAS

Os soportes publicitarios non rixidos sobre fachadas tales como lonas decoradas, etc., só serán autorizables en fachadas sen ocos de edificios exclusivos de uso comercial, así como en edificios desocupados na súa totalidade, sempre e cando tanto uns como outros estean situados nas zonas 3, 4 e 5, aínda que na zona 4 o edificio onde se realice este soporte publicitario deberá estar fora da liña límite de edificación fixada.

ARTIGO 20. CARTEIS INFORMATIVOS

Os carteis ou rótulos que nas fincas sobre as que teñan título legal suficiente sirvan para indicar a denominación social de persoas físicas ou xurídicas ou o exercicio de actividade mercantil, industrial, profesional ou de servizos a que as mesmas se adiquen e non teñan finalidade estritamente publicitaria, rexeranse cando se sitúen en edificios polas normas do planeamento urbanístico municipal para as denominadas «mostras», entendendo por tales os anuncios ou rótulos paralelos ó plano de fachada.

TÍTULO VI PUBLICIDADE EN OBRAS

ARTIGO 21. CONDICIONS XERAIS

21.1. A efectos desta Ordenanza, as obras susceptibles de servir de emprazamentos publicitarios serán as de nova planta, remodelación total ou derruba de edificios, así como as obras de arranxo de fachadas que precisen da instalación de estadas ou "andamios" de protección, nas zonas 2, 3, 4 e 5.

21.2. En todo caso, deberán contar previamente coa preceptiva licenzia de obras en vigor e a publicidade nelas só será autorizable durante a duración das mesmas. Se as obras quedasen paralizadas por un tempo superior ó previsto na normativa urbanística municipal, o Concello poderá declarar a caducidade da licenzia e esixir a desmontaxe dos soportes publicitarios instalados.

21.3. Na zona 2, nos proxectos deberá levarse a cabo un estudo global adecuado do contorno, procurando a integración da publicidade no conxunto a realizar.

21.4. Na zona 4, a distancia mínima do soporte publicitario ó límite da vía de circulación será a correspondente á liña límite de edificación aplicable e a altura do mesmo non superará a prevista no artigo 30.

ARTIGO 22. CARACTERÍSTICAS DOS SOPORTES

22.1. Os soportes publicitarios en obras non poderán sobresaír do plano do valo de obras ou andame.

22.2. No caso de soportes para papel pegado ou pintura, a altura máxima destes será de 5,50 metros sobre a rasante do terreo.

22.3. Admítense os soportes publicitarios non ríxidos situados sobre estruturas de andame, que deberán cubrir a totalidade da liña de fachada, tendo como limitacións a altura do futuro edificio e a cualidade formal do seu deseño.

22.3.1. En xeral, consideraranse aceptables aqueles deseños que se limiten a reproducir idealmente as fachadas dos inmobles sobre os que se actúa e nos que o contido estritamente publicitario do soporte non faga desmerecer, pola súa superficie ou estética, a cualidade formal da solución proposta.

22.3.2. En caso de dispór de iluminación, os aparellos situaranse na coroación do soporte publicitario, responderán a unha solución uniforme e homoxénea e soamente poderán sobresaír do plano do valo un máximo de 1 metro, sen que poidan situarse en ningún punto sobre a vía pública ou espacio a menos de 3,5 metros da súa rasante ou nivel.

22.3.3. Ademais, e en relación coas condicións de seguridade destes soportes, esixirase, en particular, o cumprimento do disposto no artigo 38.1.1] desta Ordenanza.

ARTIGO 23. CARTEIS INFORMATIVOS

23.1. Os carteis ou rótulos que nas fincas en obras sobre as que teñan título legal suficiente sirvan para indicar a denominación social de persoas físicas ou xurídicas ou a clase de obra de que se trata e non teñan unha finalidade estritamente publicitaria, cumprirán as condicións xerais dos soportes publicitarios nestas ubicacións, sen que poidan sobrepasar os 24 metros cadrados de superficie total por emprazamento de obra.

23.2. Non se inclúen dentro destes carteis informativos os «carteis indicadores», de carácter obrigatorio, ós que se refire o artigo 17.3 do RDU que, por carecer de toda finalidade publicitaria, están excluídos da aplicación desta Ordenanza.

23.3. En todo caso e salvo previsión normativa distinta, os carteis deberán ser retirados tan pronto como rematen as obras.

TÍTULO VII

PUBLICIDADE EN PREDIOS SEN USO

ARTIGO 24. EMPRAZAMENTOS PERMITIDOS

A efectos desta Ordenanza, os predios sen uso susceptibles de servir de emprazamentos publicitarios serán os situados nas zonas 3 e 5, sempre que

se acredite que reúnen as debidas condicións de seguridade, salubridade, limpeza e ornato.

ARTIGO 25. CONDICIÓNS DE LOCALIZACIÓN

25.1. Os soportes publicitarios neste tipo de emprazamentos instalaranse sobre o regulamentario cerramento opaco do predio e sempre na aliñación oficial.

25.2. Exceptúanse os casos nos que a aliñación forme esquiña a dúas rúas, nos que se admitirá que o soporte poida desprazarse dentro da aliñación ata un máximo de 4 metros do vértice.

25.3. Situaranse sobre o cerramento de separación coa vía pública e non sobre os divisorios con predios colindantes.

25.4. A efectos da explotación publicitaria, non poderán segregarse zonas parciais dun predio, polo que tan só poderán concederse licencias para instalacións publicitarias a un solicitante en cada predio catastralmente independente.

ARTIGO 26. CARACTERÍSTICAS DOS SOPORTES

26.1. A superficie publicitaria máxima será de 24 metros cadrados por cada 10 metros de liña de fachada do predio, debendo cubrirse mediante lamas ou celosía os espazos non ocupados pola publicidade, de modo que se cree unha superficie continua.

26.2. A altura máxima dos soportes nestes emprazamentos será de 5,50 metros, agás nos casos en que, pola escasa lonxitude da fachada, sexa preferible a instalación dun só valo de formato vertical de 4 x 6 nos que a altura máxima virá condicionada polo propio valo.

ARTIGO 27. CARTEIS INFORMATIVOS

Os carteis ou rótulos que en predios sen uso sobre os que teñan título legal suficiente sirvan para indicar a denominación social de persoas físicas ou xurídicas ou o exercicio de actividade mercantil, industrial, profesional ou de servizos a que as mesmas se adiquen e non teñan finalidade estritamente publicitaria, cumprirán as condicións xerais dos soportes publicitarios nestas ubicacións, sen que poidan sobrepasar os 24 metros cadrados de superficie total por emprazamento.

ARTIGO 28. LICENCIAS

A concesión de licencias neste suposto considerase como a autorización dun uso provisional, rexéndose en consecuencia o seu outorgamento, sen prexuízo do disposto nesta Ordenanza, polo establecido no artigo 102 da LOUPMRG para os usos e obras provisionais.

TÍTULO VIII**PUBLICIDADE EN TERREOS SEN USO COLINDANTES CON VÍAS DE CIRCULACIÓN RÁPIDA****ARTIGO 29. EMPRAZAMENTOS PERMITIDOS**

Para os efectos desta Ordenanza, os terreos susceptibles de servir de emprazamentos publicitarios serán os correspondentes á zona 4.

ARTIGO 30. CARACTERÍSTICAS DOS SOPORTES

30.1. A superficie publicitaria máxima será de 150 metros cadrados por cada 100 metros liñais de fachada do terreo coa vía rápida.

30.2. A distancia mínima entre agrupacións de soportes publicitarios será de 50 metros en calquera dirección.

30.3. Os soportes publicitarios situaríanse ás distancias sinaladas no Anexo III desta Ordenanza, medidas sempre desde a arista exterior da explanación.

30.4. A altura máxima do soporte publicitario sobre a rasante do terreo xunto á vía de circulación será fixada mediante a seguinte táboa en función da distancia da parte máis próxima do mesmo á beiravía:

<i>Distancia</i>	<i>Altura máxima</i>
< 25 m.	5,50 m.
= 25 < 50 m.	8,50 m.
≥ 50 m.	17 m. [monopostes]

ARTIGO 31. CARTEIS INFORMATIVOS

Os carteis ou rótulos que en terreos sen uso colindantes con vías de circulación rápida, sobre os que teñan título legal suficiente sirvan para indicar a denominación social de persoas físicas ou xurídicas ou o exercicio de actividade mercantil, industrial, profesional ou de servicios a que as mesmas se adiquen e non teñan finalidade estritamente publicitaria, cumpriran as condicións xerais dos soportes publicitarios nestas ubicacións, sen que poidan sobrepasar os 24 metros cadrados de superficie total por emprazamento.

TÍTULO IX**RÉXIME XURÍDICO DOS ACTOS DE PUBLICIDADE****CAPÍTULO I****NORMAS XERAIS****ARTIGO 32. SUXEICION A LICENCIA E AUTORIZACION MUNICIPAL**

32.1. Todos os actos de instalación de elementos de publicidade exterior, como actos de uso do solo que son, están suxeitos á previa licenza municipal de obras e de instalacións, conforme co disposto nos artigos 194.2 da LOUPMRG e 10 do RDU; sen pre-

xuízo das demais autorizacións esixibles conforme á normativa sectorial aplicable. Tamén estarán suxeitos ó pagamento das exaccións fiscais que procedan.

32.2. Os elementos ou soportes en solo de titularidade municipal precisarán, ademais, da correspondente autorización administrativa.

ARTIGO 33. EXCEPCIÓNS

Non necesitarán licenza municipal:

- As placas e escudos identificativos de dependencias públicas, sedes de representacións oficiais estranxeiras, hospitais, clínicas e dispensarios, actividades profesionais e semellantes, colocadas sobre portas de acceso ou preto delas.
- As bandeiras, bandeirolas ou estandartes e elementos semellantes representativos dos diferentes países, Estados, organismos oficiais, centros culturais, relixiosos, deportivos, políticos, colexios profesionais e centros con actividades semellantes.
- Os anuncios colocados no interior de portas, vitrinas ou escaparates de establecementos comerciais que se limiten a indicar os horarios de apertura ó público, prezos dos artigos en venda, os motivos dun posible peche temporal, de traslado, liquidacións, rebaixas e outros semellantes, de carácter circunstancial.
- Os anuncios que se limiten a indicar as situacións de venda ou aluguer dun inmovible.

ARTIGO 34. CUMPRIMENTO DA NORMATIVA TÉCNICA

Os actos de publicidade exterior realizados mediante instalacións eléctricas ou mecánicas, ademais da normativa específica, deben acomodarse á reguladora dos medios técnicos que utilicen.

ARTIGO 35. DEBER DE CONSERVACIÓN. ESIXENCIA DE POLIZA DE SEGURO E OUTRAS GARANTÍAS

35.1. A persona física ou xurídica propietaria dos soportes publicitarios está obrigada á perfecta conservación dos mesmos e ó cumprimento das normas sobre este tipo de instalacións.

35.2. Ademais, deberá ter subscrito un seguro de responsabilidade civil que cubra os danos que poidan derivarse para terceiros da colocación e explotación dos soportes publicitarios dos que, en todo caso, serán responsables. Para estes efectos, achegárase xunto coa solicitude de licenza o documento acreditativo da posesión da póliza de seguro indicada, que deberá estar vixente durante toda a duración da actividade publicitaria que se autoriza.

35.3. Sen prexuízo do anterior, o Concello poderá esixir tamén o depósito dunha fianza ou aval que garanta a reposición ou restauración dos elementos

da urbanización que a xuízo dos servizos técnicos puidesen resultar afectados ou ben para cubrir os gastos de limpeza subsidiaria das vías e espazos públicos, cando se trate de determinadas actividades publicitarias que poidan causar danos neles.

ARTIGO 36. CONDICIÓNS XERAIS DAS LICENCIAS. ESIXENCIA DE PLACA IDENTIFICATIVA

36.1. As licencias outorgaranse deixando sempre a salvo os dereitos de propiedade concorrentes sobre os respectivos emprazamentos e sen prexuízo de terceiros.

36.2. Non poderá invocarse dito outorgamento para tratar de excluir ou diminuír dalgunha forma as responsabilidades civís ou penais que deban ser asumidas integramente polos titulares das licencias ou propietarios das instalacións, mesmo no tocante a calquera defecto técnico da instalación ou a efectos das mensaxes publicitarias.

36.3. O Concello esixirá que todos os soportes publicitarios teñan colocada, en sitio ben visible, unha placa de identificación numerada na que figure o nome da empresa publicitaria, o número que se lle asigne na correspondente licenza e a data da súa caducidade.

CAPITULO II

DOCUMENTACION E PROCEDEMENTO

ARTIGO 37. SOLICITUDE

A solicitude de licenza para a instalación de soportes de publicidade exterior deberá estar suscrita por persoa física ou xurídica con capacidade legal suficiente en impreso oficial que ó efecto esta-bleza o Concello.

ARTIGO 38. DOCUMENTACION

38.1. Xunto coa solicitude achegaranse os seguintes documentos normalizados conforme ás normas UNE números 1.011 e 1.027 e en formato DIN-A4:

- a) Memoria descritiva e xustificativa da actuación, facendo constar os materiais, calidades, texturas e cores da instalación prevista, sistemas de montaxe, potencia eléctrica [de ser o caso], xustificación técnica do elemento estrutural requirido á acción do vento, etc.
- b) Presuposto, por capítulos, da instalación.
- c) Plano do Plan Xeral [escala 1:2.000], marcando claramente os límites do lugar onde se pretenda realizar a instalación.
- d) Cando os soportes publicitarios deban instalarse sobre o cerramento da parcela, deberá achegarse fotocopia da acta de aliñacións oficiais do emprazamento xustificando que o peche existente cumpre coa dita aliñación

ou, noutro caso, obter previamente licenza de peche axustada á mesma.

- e) Plano de situación a escala 1:500 acotado, sinalando a aliñación coas mesmas referencias que a acta de aliñacións oficiais.
- f) De ser necesario, como pode ser no caso das carteleiras, achegaranse planos de planta, sección e alzado, a escala 1:50 e acotados do estado actual e futuro coas carteleiras instaladas, con expresión do seu número, dimensións de cada unha delas e características da instalación, coa relación dos diversos elementos que a constituían, mesmo os de apoio e ancoraxe.
- g) Fotografías a cór, en formato mínimo de 8 x 11, do emprazamento desde diferentes ángulos e tomadas desde a vía pública, de modo que permitan a perfecta identificación do mesmo e fotomontaxe, en idéntico formato, do efecto final da actuación.
- h) Autorización da propiedade do emprazamento, con menos de tres meses desde a súa expedición, indicando nome e apelidos do asinante, calidade en que actúa, DNI/NI, dirección e teléfono.
- i) De ser o caso, acreditación documental da aceptación polos posibles afectados das limitacións ós dereitos de luces e vistas ou das molestias que as instalacións poidan supoñer.
- j) Autorizacións sectoriais que fosen esixibles.
- k) Fotocopia da licenza de obras cando a instalación se efectúe nun emprazamento onde se estean executando o vaian executarse obras.
- l) Cando se trate de instalar soportes publicitarios non ríxidos sobre estruturas de andame, achegarse fotocopia da autorización municipal para a instalación desa estrutura, debéndose prever especificamente no preceptivo estudio de seguridade e saúde a colocación daqueles soportes e xustificar o cumprimento das condicións de seguridade esixibles unha vez instaladas as estadas ou "andamios" e o soporte publicitario.
- m) Xustificación do cumprimento da distancia de 15 metros de separación a respecto de ocos de ventás de edificios habitados, prevista no artigo 17.6 desta Ordenanza, cando se trate de instalar superficies publicitarias en coroa de edificios. Ademais, para este tipo de soportes esixírase especificamente a presentación de memoria do cálculo da estrutura e planos de detalle da instalación, da súa cimentación e da súa estrutura, a escala e acotados.
- n) Para autorizar a instalación de globos estáticos ou cautivos como soportes publicitarios, esixírase certificado técnico sobre caracterís-

ticas e cualidades, situación, sistema de ancoraxe, elementos que garantan a inamovibilidade do elemento e xustificación da debida fortaleza do conxunto, en especial para resistir a acción do vento, así como a autorización da Administración competente.

- o) Fotocopia de Alta no Imposto de Actividades Económicas ou resguardo de estar ó corrente no pago do imposto por parte do empresario que execute a instalación correspondente, e do anunciante só para o caso de que a actividade anunciada sexa de carácter empresarial, profesional ou artística.
- p) Póliza de seguro, segundo o previsto no artigo 35.2 desta Ordenanza.

38.2. Con carácter xeral e de conformidade co artigo 14 do RDU, será preceptiva a presentación de proxecto técnico subscrito por facultativo competente e oficio de dirección cando polas características ou complexidade das instalacións pretendidas ou por afectar a inmobles declarados «Bens de Interese Cultural» ou catalogados non teñan a consideración de menores.

38.3. En todo caso, co fin de garantir o cumprimento das condicións de seguridade e calidade establecidas na Ordenanza, terán o carácter de instalación maior e precisarán de proxecto técnico e dirección facultativa:

- a) As superficies publicitarias que se sitúen en coroación de edificios.
- b) As carteleiras publicitarias de toda clase, incluídos valos publicitarios, monopostes, carteleiras mecánicas e carteleiras luminosas ou iluminadas, para as que se esixirá que a instalación eléctrica sexa realizada por un instalador oficial.
- c) As superficies publicitarias que se pretendan situar na zona 2.

CAPÍTULO III PRAZOS DE VIXENCIA

ARTIGO 39. PRAZO INICIAL E PRÓRROGAS

39.1. As licencias outorgaríanse polo prazo solicitado na petición e, en todo caso, polo que se determine na propia licenza.

39.2. En xeral, e a non ser que a vixencia da autorización estea xa limitada en función da natureza da actividade publicitaria [por exemplo, publicidade en obras], o prazo máximo de vixencia das licencias relativas ós actos de publicidade exterior será de dous [2] anos, prorrogables por períodos iguais e nas mesmas condicións, previa petición expresa formulada polo titular quince días antes da súa extinción.

39.3. A vixencia das licencias polas que se autorice a instalación de mostras, banderíns e rótulos será de 5 anos, prorrogables.

39.4. Coa solicitude de prórroga deberá achegarse, necesariamente, a seguinte documentación:

- a) Fotografías actualizadas do emprazamento nas que se reflecta claramente o estado actual do soporte publicitario.
- b) Certificado de facultativo competente acreditativo de que a instalación axústase á licenza concedida e se manteñen as condicións de seguridade esixibles.

39.5. Unha vez obtida/s a/s prórroga/s achegárase o documento acreditativo da posesión da póliza de seguro de responsabilidade civil, que deberá estar vixente durante toda a súa duración.

ARTIGO 40. DESMONTAXE DAS INSTALACIÓNS

40.1. Rematada a vixencia da licenza ou das sucesivas prórrogas, o titular estará obrigado á desmontaxe ó seu cargo da totalidade dos elementos que compoñían a instalación, no prazo máximo de oito días e sen necesidade de requerimento municipal ningún.

40.2. Se a instalación publicitaria fose desmontada antes do remate dos prazos de vixencia da licenza, o seu titular estará obrigado a comunicarllo por escrito ó Concello.

ARTIGO 41. PERDA DE VALIDEZ DA LICENCIA. CAMBIOS DE TITULARIDADE

41.1. A licenza perderá a súa validez se varían as características do emprazamento ou as condicións da instalación, debendo o titular solicitar unha nova licenza adecuada ás circunstancias do momento. Se esta non fose solicitada ou ben se negase, deberá desmontar a instalación no prazo máximo de oito días desde a preceptiva notificación.

41.2. De se modificar a titularidade da instalación, será necesario solicitar o cambio de nome regulamentario na licenza, achegando a mesma documentación que a prevista no artigo 39.4 desta Ordenanza, ademais da que sexa común para os cambios de titularidade de licencias.

41.3. A transmisión da licenza non alterará, en ningún caso, o prazo de vixencia da licenza e a súa falta de comunicación ó Concello obrigará ó antigo e ó novo titular a responder solidariamente de todas as responsabilidades derivadas do acto publicitario.

CAPÍTULO IV INFRACCIÓNS

ARTIGO 42. NORMATIVA APLICABLE

Os actos ou omisións relacionados coa actividade publicitaria que, conforme cos artigos 216 da LOUPMRG e 69 do RDU, teñan a consideración de infraccións urbanísticas, quedarán sometidos ás

súas disposicións, ó disposto nesta Ordenanza no que lle resulte de aplicación así como á LRX-PAC [L.30/1992, do 26 de novembro, modificada pola L.4/1999, do 13 de xaneiro] e ó Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora [RD.1398/1993, do 4 de agosto].

ARTIGO 43. PERSOAS RESPONSABLES

Serán persoas responsables da infracción as sinaladas no artigo 219 da LOUPMRG e 72-73 RDU, considerando para estes efectos como promotor tanto á empresa publicitaria como á do produto ou servizo anunciado; todo isto sen prexuízo das responsabilidades que lles puidesen corresponder á dirección facultativa e ós técnicos redactores dos proxectos.

ARTIGO 44. IDENTIFICACIÓN DAS INSTALACIÓNS PUBLICITARIAS

44.1. Para a identificación dos propietarios de instalacións publicitarias unicamente terá validez o número asignado na correspondente licenza, expresamente colocado naquelas.

44.2. A estes efectos non se considerarán elemento de identificación as marcas, sinais, produtos anunciados, nome da empresa ou outras indicacións que puidesen conter os soportes instalados.

44.3. Cando a instalación careza do citado número ou placa identificativa ou cando estes non se correspondan co existente nos arquivos municipais, será considerada anónima e, polo tanto, carente de titular.

ARTIGO 45. CLASIFICACION DAS INFRACCIONS

45.1. A efectos de graduar a responsabilidade polas infraccións, estas clasifícanse en leves e graves.

Consideraranse infraccións leves:

- a) A execución de instalacións publicitarias sen licenza cando sexan legalizables por seren conformes co ordenamento xurídico.
- b) O estado de suciedade ou deterioro do soporte publicitario ou o seu contorno próximo; neste último caso cando sexa como consecuencia da actividade publicitaria.
- c) As infraccións que non teñan o carácter de graves ou moi graves.

Consideraranse infraccións graves:

- a) A instalación de soportes publicitarios sen licenza municipal e non legalizables ou sen axustarse ás condicións da mesma, agás que se demostre a escasa entidade do dano producido ós intereses xerais.
- b) O incumprimento dos requirimentos municipais sobre corrección de deficiencias advertidas nas instalacións, execución das obras necesarias para a conservación e ornato das mesmas.

c) A reincidencia en faltas leves nun período de trinta días consecutivos nunha ou varias instalacións.

d) A utilización de elementos de mobiliario urbano como soportes de publicidade non autorizada de calquera tipo.

Consideraranse infraccións moi graves as infraccións en materia de publicidade exterior que, de acordo cos artigos 217.2 da LOUPMRG e 70.2 do RDU, afecten a solos ordenados como zonas verdes, espazos libres, dotacións ou equipamentos públicos.

45.2. Ademais, teránse en conta as circunstancias que poden agravar ou atenuar a responsabilidade e as regras para a aplicación de sancións contidas na LOUPMRG e no RDU.

ARTIGO 46. SANCIONS

46.1. A contía das multas con que se sancionen as infraccións cometidas axustarase ás prescricións da LOUPMRG e do RDU, aplicándose especificamente para a instalación de soportes publicitarios sen licenza considerada como falta leve o disposto no artigo 100 do RDU, que prevé a imposición dunha multa do 1 ó 15% do valor da súa construción e instalación.

46.2. A multa graduarase en función da localización, tamaño e incidencia de tales elementos no medio físico e no contorno, aplicándose na súa porcentaxe máxima nos casos de incumprimento do requirimento de retirada.

46.3. Especialmente, terase en conta o disposto nos artigos 220.5 da LOUPMRG e 77.2 do RDU, de forma que en ningún caso a infracción poida supór un beneficio económico para o infractor.

46.4. Sancionarase coa multa prevista no artigo 102 do RDU a realización de publicidade sobre parcelacións urbanísticas, edificacións, urbanizacións ou calquera outra actuación urbanística sen axustarse fielmente ó planeamento urbanístico vixente.

ARTIGO 47. ORDES DE DESMONTAXE E RETIRADA DOS SOPORTES PUBLICITARIOS

47.1. Á parte da sanción que en cada caso corresponda, a Administración municipal poderá dispór a desmontaxe ou retirada dos soportes publicitarios con reposición das cousas ó estado anterior á comisión da infracción.

47.2. As ordes de desmontaxe comunicaranse expresamente por escrito ó titular da licenza, resultando este obrigado á retirada dos soportes no prazo de oito días seguintes á data de recibo da notificación.

47.3. No caso de incumprimento, os servizos municipais procederán á execución substitutoria a custa dos obrigados, que deberán aboar os gastos

de desmontaxe, transporte e depósito dos materiais retirados ou á execución forzosa, mediante a imposición de multas coercitivas reiterables ata lograr a execución polo suxeito obrigado, na contía determinada para o efecto na LOUPMRG e no RDU, que estará en función das circunstancias concorrentes e do custo estimado das actuacións necesarias para restaurar a legalidade.

47.4. De optarse pola execución substitutoria, previamente á retirada das instalacións publicitarias afectadas, practicarase unha dilixencia na que se fará constar os datos de identificación do propietario ou titular [nome, apelidos, DNI, domicilio, etc.], o tipo de elemento retirado e a súa localización, facilitándolle unha copia ó interesado, de estar este presente na execución subsidiaria.

Realizada esta, concederase ó/s titular/es dos elementos un prazo de 10 días para que manifesten por escrito a súa vontade expresa de facerse cargo dos elementos retirados, mediante a súa recollida no día e hora que se fixe, apercibíndolles de que, de non facelo así, entenderase que renuncian á súa recuperación, facultando ó Concello a dispór deles para o seu traslado a vertedeiro autorizado ou para a súa reciclaxe.

ARTIGO 48. DESMONTAXE INMEDIATA DE SOPORTES PUBLICITARIOS

Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, o órgano municipal competente poderá dispór por razóns de seguridade a desmontaxe inmediata de calquera instalación publicitaria e, en todo caso, daquelas consideradas anónimas de acordo co artigo 44.3 da Ordenanza.

ARTIGO 49. RECURSOS

O réxime de recursos contra os actos dos órganos municipais sobre materias reguladas nesta Ordenanza axustarase ás disposicións xerais da lexislación urbanística e de réxime local.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira.

1. Créase a «Comisión Técnica Asesora de Publicidade do Excmo. Concello de Vigo», como órgano con competencia propia encargado de dictaminar as consultas que lle sexan sometidas á súa consideración, formular propostas nos supostos previstos na Ordenanza, realizar o seguimento da execución desta, interpretar nos casos de dúbida ou posible imprecisión o sentido propio da norma, propoñer as modificacións, revisións e melloras que resulten necesario ou conveniente introducir no seu texto e, en xeral, de todas aquelas cuestións e incidencias da competencia municipal relacionadas coas materias que son obxecto de regulación na Ordenanza.

2. A Comisión intégrase na estrutura orgánica da Xerencia municipal de Urbanismo e acomodará o seu funcionamento ó disposto na normativa aplicable para os órganos colexiados da súa natureza.

3. Estará integrada polo Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro/a en que delegue, que a presidirá, os/as concelleiros/as con competencias delegadas en materia de urbanismo, medio ambiente e patrimonio histórico, o xerente da Xerencia municipal de Urbanismo, o secretario da Xerencia, que actuará como secretario da Comisión e os técnicos municipais que se designen.

4. Poderán asistir, con voz pero sen voto, aquelas persoas que, a xuízo do presidente da Comisión, conveña que sexan escoitadas polos seus coñecementos técnicos ou profesionais na materia. Tamén poderán asistir, nestas mesmas condicións, un representante da Federación de A.VV. "Eduardo Chao" de Vigo e un representante do sector publicitario.

Segunda.

Todas as empresas de publicidade que operen no termo municipal de Vigo deberán notificar ó Concello o seu CIF, domicilio para notificacións e representante legal, así como calquera modificación que se produza nesos datos, a fin de establecer un Rexistro das mesmas.

Terceira.

O artigo 8.1 da "Ordenanza municipal de limpeza pública e tratamento de residuos sólidos urbanos", integrante das Ordenanzas xerais de protección do medio ambiente de Vigo, aprobadas en sesión plenaria do 26.05.1994 [BOP nº 200, do 18.10.1994], queda redactado do seguinte xeito: «Artigo 8: 1.—Non se permite realizar actos de propaganda ou calquera outro tipo de actos que leve consigo lanzar carteis, folletos ou follas soltas ou utilizando outros medios impresos, ensuciando os espazos públicos, sendo responsables da infracción as persoas físicas ou xurídicas que promovan ou xestionen a publicidade e no seu defecto e salvo proba en contrario, aqueles en favor dos cales se faga a mesma».

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

Primeira. Os soportes publicitarios instalados que contén con licenza no momento de entrar en vigor esta Ordenanza poderán manterse ata a fin da vixencia daquela, sen que sexa posible a concesión de renovacións ou prórrogas ó abeiro da normativa anterior.

Segunda. Transcorrido ese período aplicarase na súa integridade o réxime disciplinario que a Ordenanza establece.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Queda expresamente derogado o anterior texto da "Ordenanza Reguladora de Publicidad Exterior mediante carteleras", aprobada definitivamente en sesión plenaria do 27.10.1987 [BOP nº 281, do 05.12.1987], así como as demais normas de igual ou inferior rango que se opoñan á presente Ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira. A promulgación futura e entrada en vigor de normas de rango superior ó desta Ordenanza que afecten ás materias reguladas na mesma determinará a aplicación automática daquelas, sen prexuízo dunha posterior adaptación, no que fose necesario, da Ordenanza.

Segunda. Conforme co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, esta Ordenanza entrará en vigor ós quince días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

ANEXO I:

DELIMITACIÓN DO NÚCLEO CENTRAL DA CIDADE DE VIGO PARA OS EFECTOS DE APLICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA PUBLICIDADE EXTERIOR [ZONA 3 DO SEU ARTIGO 10]



ANEXO II:
VÍAS COMPRENDIDAS NA ZONA 4 DO ARTIGO 10 DA ORDENANZA REGULADORA
DA PUBLICIDADE EXTERIOR NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO

Nome	Límites	Titularidade
Autovía de acceso a Vigo [A-9]	Rúa Lepanto, rúa Alfonso XIII Límite municipal con Redondela	Fomento
A-9	Límite municipal con Redondela Km 164,2	Fomento
A-52	Nudo do Seminario [200m] Límite municipal con Mos	Fomento
A-57	Km 0 A-57 Límite municipal con Gondomar	Xunta
Circunvalación Avda. Arquitecto Antonio Palacios	Avda. Castrelos Paso elevado da Estrada Provincial	Fomento
Avda. Citroën-Zona Franca, Bouzas	Rotonda da Avda. Citroën Rotonda de Bouzas	
Ángel de Lema y Marina	Inicio Casco Urbano Límite municipal con Redondela	Xunta
Avda. do Aeroporto [N-556]	Cruce rúa Cantabria [100m] Límite municipal con Mos	Fomento
Estrada de Redondela a Vigo [N-552]	200 m antes fin do Municipio Límite municipal con Redondela	Fomento
Avda. do Tranvía	Avda. Ramón Nieto [100m] Nº 31 Enlace A-9 Rotonda con Avda. Aeroporto	Concello
Estrada de Camposancos	Nº 410 Km 136 Nº 487 Nº 409	Xunta
Estrada de Zamáns	Límite municipal con Gondomar Límite municipal con Mos	Xunta
Estrada das Prantas	Cruce cá Estrada do Rebullón Circunvalación do CUVI [100m]	Deputación
Estrada do Rebullón	Cruce estrada das Prantas Límite municipal con Mos	Deputación

ANEXO III:

CONDICIÓNS ESPECIAIS APLICABLES Á PUBLICIDADE EN TERREOS SEN USO COLINDANTES
CON VÍAS DE CIRCULACIÓN RÁPIDA: TÍTULO VIII DA ORDENANZA REGULADORA DA PUBLICI-
DADE EXTERIOR NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO [TRAMOS URBANOS]

Nome	Límites	Titularidade	Distancias separación publicidade [desde a arista exterior da explanación]
Autovía de acceso a Vigo [A-9]	Rúa Lepanto, rúa Alfonso XIII Límite Municipal con Redondela	Fomento	8 m.

A-9	Límite Municipal con Redondela Km 164,2	Fomento	8 m.
A-52	Nudo do Seminario [200m] Límite Municipal con Mos	Fomento	8 m.
A-57	Km 0 A-57 Límite Municipal con Gondomar	Xunta	≤15 m.
Circunvalación Avda. Arquitecto Antonio Palacios	Avda. Castrelos Paso elevado da Estrada Provincial	Fomento	8 m.
Avda. Citroën-Zona Franca, Bouzas	Rotonda da Avda. Citroën Rotonda de Bouzas		
Ángel de Lema y Marina	Inicio Casco Urbano Límite Municipal con Redondela	Xunta	≤10 m.
Avda. do Aeroporto [N-556]	Cruce rúa Cantabria [100m] Límite Municipal con Mos	Fomento	8 m.
Estrada de Redondela a Vigo [N-552]	200 m antes fin do municipio Límite Municipal con Redondela	Fomento	8 m.
Avda. do Tranvía	Avda. Ramón Nieto [100m] Nº 31 Enlace A-9	Concello	8 m.

	Rotonda con Avda. Aeroporto		
Estrada de Camposancos	Nº410 Km 136 Nº 487 Nº 409	Xunta	≤10 m.
Estrada de Zamáns	Límite Municipal con Gondomar Límite Municipal con Mos	Xunta	≤10 m.
Estrada das Prantas	Cruce cá Estrada do Rebullón Circunvalación do CUVI [100m]	Deputación	≤10 m.
Estrada do Rebullón	Cruce estrada das Prantas Límite municipal con Mos	Deputación	≤10 m.